

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO
CURSO: 5º E. P
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>BLOQUE 1: O SENTIDO RELIXIOSO DO HOME</p> <p>1. Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.</p> <p>2. Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.</p>	<p>1.1 Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os trazos máis significativos.</p> <p>2.2 Propón situacións na historia onde se manifesta o beneficio de facer o ben.</p>
<p>BLOQUE 2: A REVELACIÓN: DEUS INTERVÉN NA HISTORIA</p> <p>1. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.</p> <p>2. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.</p> <p>3. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.</p>	<p>1.2 Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.</p> <p>2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo.</p> <p>3.1 Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento</p>



<p>BLOQUE 3: XESUCRISTO, CUMPRIMENTO DA HISTORIA DA SALVACIÓN</p> <p>1. Recoñecer en relatos evangélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.</p> <p>2. Coñecer e Interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus</p> <p>3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte</p>	<p>1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxelos.</p> <p>2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.</p> <p>3.2 Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.</p>
<p>BLOQUE 4: PERMANENCIA DE XESUCRISTO NA HISTORIA: A IGREXA</p> <p>2. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.</p>	<p>2.1 Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.</p> <p>2.2 Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Partirei da observación continua do alumnado, tendo en conta o contexto no que nos atopamos, a través das actividades propostas e da súa participación nelas ao longo do curso. En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O/a alumno/a mostra interese polos aprendizaxes e actividades propostas. • O/a alumno/a participa nas actividades dentro das súas posibilidades. • O/a alumno/a consolidou aqueles estándares xa traballados previamente.
	<p>Instrumentos:</p> <p>O rexistro individual dos traballos presentados polo alumno/ao.</p>
Cualificación final	<p>Nota media das dúas primeiras avaliacións. O traballo desenvolvido de xeito non presencial poderá engadir como máximo 1 punto na nota final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCEDE.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: NON PROCEDE.
	Criterios de cualificación: NON PROCEDE.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: NON PROCEDE.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades prácticas e manipulativas: talleres de manualidades e receitas de cociña.</p> <p>Actividades interactivas: fichas interactivas, Biblia dixital.</p> <p>Análise de vídeos ou imáxes.</p> <p>Actividades propostas no libro ou fotocopias.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía terá en conta a conectividade, adaptando os contidos aos diferentes dispositivos (móbil, PC, tablet,...). Intentarei fomentar a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado mantendo as rutinas de traballo e o hábito de estudo sen esquecer a situación na que nos atopamos.</p> <p>Nos casos que sexa necesario por falta de conectividade solicitaremos axuda ao Concello para facerlle chegar ao alumnado as actividades en formato papel.</p>
Materiais e recursos	<p>Material escolar do alumno/a, material online, vídeos, prensa, revistas, materiais diversos que o alumno pode atopar na casa.</p> <p>A páxina web do centro, Abalar, YouTube, Classroom, teléfono,...</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Publicación na páxina web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.